

AUTORAS E AUTORES DE *CUMIEIRA*, vol. 9 (2024)

FABIO RIVAS

Nacido en 1997 en Pontevedra, graduouse en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios na Universidade de Vigo e, posteriormente, cursou o Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais». Actualmente é libreiro en Pontevedra. Exerce tamén de crítico literario para o *Faro da Cultura*, xurado de premios literarios, e de escritor e tradutor. É autor d'*A pintura debida* (Xerais, 2023). No 2025 publicarase a súa primeira tradución en Aira Editorial.

MIGUEL RANCAÑO MÍGUEZ

Nacido no 2000 en Cesantes (Redondela, Pontevedra), graduouse en 2022 na Universidade de Santiago de Compostela no grao de Lingua e Literatura Galegas. No 2022/23 cursou na Universidade de Vigo o Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria e Bacharelato, seguindo a especialidade de «Linguas e literaturas oficiais». Actualmente dedícase á docencia como profesor de Lingua e Literatura Galega.

ALBERTO GAGO COSTAS

Naceu en 1974 en Vilanova - O Hío (Cangas, Pontevedra) e graduouse en 2024 na Universidade de Vigo no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios.

HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA

Nacida na Illa de Arousa (1977), é Doutora en Comunicación e Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (2015). Cursou a licenciatura de Xornalismo (2000) e o Mestrado de Cooperación Internacional e Voluntariado na USC (2004), e graduouse en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios na Universidade de Vigo (2024). No eido da Comunicación, está especializada en movementos sociais e identidade cultural. É autora do libro *A construción mediática do conflito. O caso de Resistencia Galega* (Axóuxere, 2020), e de varios artigos, como “Autopercepción de las mariscadoras gallegas sobre su representación mediática: estudio de recepción”, en *Estudios Sobre el Mensaje Periodístico* (2019); e “Activismo mediático en los albores de Internet: el caso del movimiento okupa de Barcelona”, en *Commons. Revista de Comunicación y Ciudadanía Digital* (2015). Actualmente, é profesora de Lingua e Literatura Galega no ensino secundario.

ALEX SOLLA ALONSO

Naceu en Vigo (Pontevedra) en 1990. Graduouse na Universidade de Vigo en 2019 en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios coa mención «Filoloxía Galega», polo que recibiu o Premio Extraordinario Fin de Grao. No curso 2019/20 fixo o mestrado de Profesorado de Educación Secundaria, na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais», na mesma universidade. Actualmente é profesor de Lingua e Literatura Galega no ensino secundario e colabora con recensións e artigos en revistas académicas de lingüística e literatura.